

1º CONCURSO ESCOLAR DE POESÍA “CONCELLO DE CARRAL”

O Concello de Carral e o CEIP Vicente Otero Valcárcel organizan o 1º Concurso Escolar de Poesía “Concello de Carral”, que se rexe polas seguintes

BASES

1. Poderá participar no concurso o alumnado de 4º, 5º e 6º do CEIP Vicente Otero Valcárcel.
 2. Cada alumno ou alumna poderá presentar ata un máximo de tres (3) poemas, que deberán ser da súa autoría e non presentados a outros concursos previamente.
 3. Os poemas estarán escritos nunha única páxina, mecanografados, en lingua galega e terán unha extensión de entre 10 e 15 versos. Non existen restricións de métrica nin de rima.
 4. Todos os poemas deberán ir titulados e deberá figurar o nome do autor ou autora, a súa aula, e un teléfono de contacto. Se o autor ou autora dispón de correo electrónico, tamén o pode engadir.
 5. Os poemas entregaranse na Casa da Cultura de Carral ou na conserxería do CEIP Vicente Otero Valcárcel, antes do 29 de abril de 2017.
 6. Todos os participantes recibirán agasallos.
 7. Os tres mellores poemas recibirán de premio un altofalante Bluetooth. Os poemas premiados non poderán ser do mesmo autor ou autora.
 8. O Concello de Carral e o CEIP Vicente Otero Valcárcel organizarán un acto no que se entregarán os premios e os agasallos, e do que se avisará previamente aos participantes.
7. Para atender calquera dúbida sobre este concurso poden dirixirse ao departamento municipal de Cultura do Concello de Carral (Casa da Cultura – tel. 981 672 580 – cultura@carral.es).

